


A m ú s i c a n o u n i v e r s o d e
“O Mundo Que Queremos”



Un proxecto regueifado por Tempo de Loira ao calor do ano 2017

Entón, cales son as notas alegres? E as tristes?

Non, meu ben, as teclas non son tristes nin son alegres, ..., hai notas que cando as xuntas provocan emocións, acordes que te fan sorrir, músicas que entristecen, aterran e mesmo asombran.

Si, claro, pero aquí, no piano, cales destas teclas son as tristes? E onde está a alegría?¹



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste documento sempre que se cumpran as seguintes condicións:



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome das autoras.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.

¹ Texto adaptado de Alicia Murillo, 2017; Recuperado de:
<https://www.facebook.com/aliciamurillo/posts/10155530780064785?pnref=story>

PARTITURA

1. A m ú sica en OMQQ	05
2. A melod í a que temos na cabeza	06
3. A m ú sica das esferas	09
3.1. Quen conforma o firmamento de OMQQ?	09
3.2. Interpretando a nosa peza	22
3.2.1. O pentagrama	23
3.2.2. Os instrumentos	27
3.2.3. O ritmo	29
3.2.4. O tempo	31
3.2.5. A m é trica	32
3.2.6. O concerto	32
4. Notas para novas partituras	33

ABREVIATURAS

OMQQ	O Mundo Que Queremos
ONGD	Organizaci ó n Non Governamental para o Desenvolvemento
ED	Educaci ó n para o Desenvolvemento
CIpD	Cooperaci ó n Internacional para o Desenvolvemento
TdO	Teatro dxs Oprimidxs

Aínda que non temos certeza de como ou por que, o certo é que a música ten un efecto liberador, case máximo, sobre as nosas emocións, e resulta aínda máis sorprendente este feito se pensamos que a música non é estritamente necesaria para a vida...

Ou si?

A música, xunto co baile, forman un binomio de benestar e empoderamento. Cando van da man, cando os nosos corpos se moven en harmonía cos ritmos, somos quen de transformarnos, a nós mesmas e ao noso entorno.

Porque a música e o baile...

☺ Conforman unha linguaxe (case²) universal, que se se experimenta en grupo crea un clima emocional común e integrador, facilitando estar en contacto con outras persoas.

☺ Son experiencias lúdicas. Liberan tensións, favorecen o benestar físico e emocional, catalizan emocións positivas. Fante sentir máis feliz.

☺ Empoderan, recuperando o corpo como espazo de escoita dunha mesma e tamén das demais persoas. Pensamos o noso corpo mentres nos atopamos con outro ser colectivo.

☺ Son un acto político. Cambiamos os roles exercendo relacións sociais distintas e posibles, ocupando novos espazos, da mente e mesmo físicos.

E é así como nun sistema social e económico que define as emocións como boas e malas, que afoga o goce a certos momentos, formas e lugares; bailar convértese nun acto revolucionario.

Bailamos?

² Non se pode falar da música como linguaxe universal (e mesmo de calquera outra linguaxe), porque non integraríamos a todas as persoas, como por exemplo, as que teñen amusia, é dicir, unha alteración no sistema central que causa deterioro ou perda da capacidade de recoñecer ou reproducir melodías.

1. A música en O Mundo Que Queremos

Hai quen di que a música é a máis social de todas as artes, sendo quen de conectar a diferentes persoas e grupos independentemente de cal sexa a súa orixe, a súa fala, as súas habilidades ou motivacións. Por isto é que esta avaliación non será lida, nin falada, senón cantada.

E así foi que compuxemos a melodía desta avaliación:

As notas xa escritas:

- Documentación de traballo das actividades.
- 4 actas de reunións.
- Formulación e xustificación intermedia técnica e económica.
- 8 horas de formación interna do equipo.
- 1 memoria final de cada un dos 6 centros participantes.

Os novos acordos:

- 2h 34' 26" de conversa con 17 rapazas e 8 rapaces de 4 centros educativos³.
- Case 9 horas de entrevistas individuais con 9 das persoas que conforman o equipo de traballo que executa o proxecto.
- 5 entrevistas ao profesorado coordinador de 5 centros educativos⁴.
- 3 cuestionarios viaxeiros. Dous transoceánicos, ás Visitas do Sur, e un de proximidade, á persoa de apoio ás visitas.

Unha melodía que nos moveu por dentro. Durante a interpretación dunha peza tan coral, chea de voces novas e diferentes, emerxen moitas emocións. Sentimos a euforia dos inicios xunto á serenidade de coñecer ben o proxecto, o asombro inesgotable que produce traballar coa mocidade, a confusión ante os retos e o desexo por cambiar o mundo e vivir unha vida que mereza a *alegría* de ser vivida.

A complexidade e riqueza deste proxecto non emana só dos seus aspectos máis tanxibles e racionais, senón que se volve necesario visibilizar e nomear aquilo que o fai singular dende o plano das sensacións. É por isto que, para entender o proxecto na súa plenitude, esta avaliación inclúe o seu propio *emocionario*⁵, un pequeno compendio das sensacións vividas en determinados momentos e ante situacións concretas.

³ Centros participantes: IES David Buján (Cambre), IES Cabo da Area (Laxe), IES Fonmiñá (Pastoriza), IES Pintor Colmeiro (Silleda).

⁴ Centros participantes: IES David Buján (Cambre), IES Cabo da Area (Laxe), IES Isidro Parga Pondal (Carballo), IES Fonmiñá (Pastoriza), IES Pintor Colmeiro (Silleda).

⁵ O "Emocionario" (C. Núñez Pereira e R. R. Valcárcel, 2013), é un dicionario ilustrado de 42 palabras sobre o emocional cun enfoque pedagóxico. Este libro serve de referencia e inspiración para a elaboración desta proposta.

Escoitamos, escribimos, limos. Reescribimos. Construimos novos ritmos. E comezamos de novo. Finalmente, de entre todos os estilos e propostas, esta avaliación fíxose regueifa, expoñendo e dialogando diversos puntos de vista, dando a coñecer a diversidade de ideas e visións que o proxecto xerou.

- Unha avaliación final, xa que no momento da recollida de información e da súa redacción estábanse a levar a cabo as últimas accións do proxecto, principalmente aquelas vinculadas á xustificación final e peche.
- Unha avaliación participativa, que busca recoller os sentires, opinións e información das diversas persoas que participaron no proxecto, especialmente dándolle voz a aquelas ás que se dirixe o proxecto, as auténticas protagonistas.
- Unha avaliación cualitativa, recollendo a información e promovendo a reflexión a través deste tipo de técnicas, co fin de identificar propostas e xerar aprendizaxes.
- Unha avaliación externa continua, pois formar parte do equipo dende o inicio do proxecto facilita o acceso á información así como poder achegar unha visión externa naquel momento que o equipo o sinta necesario, sen xerar inxerencias no desenvolvemento do mesmo.

2. A melodía que temos na cabeza

Ao igual que a linguaxe falada, a linguaxe musical ten os seus propios signos que permiten a comunicación; se ben, para esclarecer os seus significados, resulta imprescindible afondar e coñecer o discurso. Do mesmo xeito, para entender que é O Mundo que Queremos, resulta necesario deterse un momento en coñecer as palabras clave que o definen.

O Mundo que Queremos é un proxecto financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE a través dun convenio anual e integrado no Plan Proxecta, que vai xa pola súa cuarta edición. Esta iniciativa, impulsada por un consorcio de entidades, é unha proposta de Educación para o Desenvolvemento que ten como obxectivo o “Fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre as realidades locais e dinámicas globais para o apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social”

Pensando arredor dos significados

É un proxecto financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE a través dun convenio anual.	Un convenio é un instrumento de financiamento directo, que asigna un orzamento determinado para o desenvolvemento da proposta a través da sinatura dun acordo.
---	--

Intégrase no Plan Proxecta da Consellería de cultura, Educación e Ordenación Universitaria.	O Plan Proxecta é unha iniciativa de innovación educativa que busca a integración na planificación anual dos centros educativos de programas postos en marcha por entidades alleas ao sistema educativo. O seu fin é promover a realización de proxectos interdisciplinarios motivadores cara o traballo activo, cooperativo e en rede, do alumnado e do profesorado implicado.
Vai xa pola súa cuarta edición.	Dende o curso 2013-14 ata o actual 2016-17 diferentes centros educativos espallados pola xeografía galega déronlle a benvinda ás diferentes actividades e persoas que o compoñen. Catro cursos nos que se recolleron reflexións, propostas e aprendizaxes sobre os que construír OMQQ.
É unha iniciativa impulsada por un consorcio de entidades no que participan ata seis diferentes.	Forman o consorcio tres ONGD, Solidariedade Internacional de Galicia (organización líder), AGARESO e EDUCO; e participan como parte do equipo de traballo o Grupo de Teatro dxs Orpimidxs GTO 100Tolas, a ONGD ACPP, e a cooperativa galega Tempo de Loira.
É unha proposta de Educación para o Desenvolvemento	A ED é unha proposta educativa emancipadora, que afonda na análise das interrelacións locais e globais así como nas causas das problemáticas mundiais, construíndo persoas capaces de analizar criticamente a realidade e incidir sobre ela e transformala.



Signos claves da Educación para o Desenvolvemento en OMQQ

Participación. Facilitando ferramentas e creando oportunidades para xerar accións que leven ao alumnado, de xeito non só individual senón colectivo, a un maior nivel de autonomía, liberdade e co-responsabilidade social.

Conciencia crítica. Unha actitude irrenunciable. É a disposición a observar, recibir información diversa e analizala para, finalmente extraer conclusións propias e fundamentadas. Dubidar, xerar preguntas, indagar, investigar. Confrontar os sesgos persoais e emitir opinións propias. E estar disposta a reconsideralas.

Local e Global. O antigo binomio Norte e Sur dá paso a unha análise que parte do entorno inmediato da persoa ata conectarse con outras realidades mundiais.

Comunicación. Non no sentido puramente instrumental, como medio de transmisión de mensaxes, senón xeradora de desenvolvemento e transformación social. A comunicación é entendida como un dereito fundamental, que facilita a análise crítica das realidades, xera diálogo e mobiliza para o cambio.

A sinfonía de O Mundo Que Queremos

[*Encontro inicial co profesorado*] [Novembro] Un espazo organizado para promover o coñecemento entre as docentes coordinadoras e as entidades participantes, e afondar na realidade de cada centro educativo, elaborando, así, un diagnóstico que oriente a estratexia concreta de acción. Neste tempo tamén se presenta o proxecto en máis detalle, centrando os para que (obxectivos que se perseguen) e os como (actividades e responsabilidades).

[*Obradoiro inicial: os ODS e as desigualdades internacionais*] [Decembro] A través de diferentes dinámicas o alumnado reflexiona arredor das realidades mundiais existentes; afóndanse nas desigualdades sociais, as pobrezaas, o desenvolvemento sustentable ou a co-responsabilidade. Finalmente, cada aula escolle unha temática sobre a que traballar nos seguintes obradoiros.

[*Obradoiros de radio e foto*] [Xaneiro e febreiro] A proposta de OMQQ amosa que os instrumentos de comunicación teñen un grande poder transformador, e busca empoderar ao alumnado construíndo a súa propia narrativa ademais de facelos conscientes das súas capacidades de incidencia na sociedade. Nestes obradoiros, a través do diálogo e reflexión o alumnado poderá construír un discurso propio. Tamén se reivindica e se fomenta a creatividade como espazo de rebeldía para elaborar materiais das cuestións que investigaron.

[*Peza de teatro A viaxe de Ana*] [Marzo] A través da técnica do Teatro Foro (Teatro da Oprimida) amósase a forza do teatro como mecanismo de sensibilización e reflexión facendo partícipes a alumnas, alumnos e mesmo profesorado na historia que conta a obra sobre a Ana, unha muller migrante que viu a Galiza dende o Brasil.

[*Visita do Sur*] [Marzo e abril] Rosaura e Marleni, dúas mulleres da República Dominicana do Instituto de Acción Comunitaria viñeron a falar da vida nas comunidades dos bateys, comunidades rurais empobrecidas compostas na súa maioría por persoas afrodescendentes, maiormente descendentes de migrantes haitianas, quen ao longo dos anos veñen sendo fortemente perseguidas. Grazas a elas, o alumnado puido ver o mundo desde a súa perspectiva a través do relato das súas experiencias diarias, dificultades e éxitos no día a día.

[*Acto final*] [Maio e xuño] No último tramo do proxecto nos centros desenvolvéronse os actos finais, nos que un tentou achegar o proxecto á comunidade educativa e mesmo amplificándoo á súa contorna. Ademais de amosar os traballos de radio e fotografía, tamén se realizaron, de maneira complementaria, actividades de incidencia reivindicativa, xerando vías de denuncia novas e creativas que o proxecto busca fomentar.

[*Formación interna*] [Xuño] Unha vez finalizadas as actividades dirixidas aos centros de ensino, realizouse unha formación participativa en ED que se dirixía ás persoas que integran o consorcio. Este encontro formativo estivo centrado, principalmente, no fortalecemento do grupo, definindo e unificando conceptos chave por un lado e asignando responsabilidades concretas ás persoas e entidades participantes do futuro proxecto polo outro.

[*Avaliación final*] [Xuño] Como punto seguido, O Mundo Que Queremos 2016-2017 realiza a súa avaliación final, na que, tras recoller as voces e sentires das diversas actrices participantes, elabora un documento de análise e valoración do realizado, co obxectivo de extraer aprendizaxes significativas que contribúan á reflexión e mellora do actual proxecto, pero tamén de cumprir coa nosa obriga de informar ás persoas que dalgún xeito se vincularon con esta iniciativa, así como a toda a cidadanía galega, do labor que se está a realizar.

3. A música das esferas

Que os corpos celestes emiten sons harmónicos producindo unha música singular sábese dende que o mundo é mundo. Xa as ensinanzas pitagóricas cóntannos como cada unha das esferas do universo teñen o seu propio son, especial e singular, que, ao combinarse todos xuntos executan a mellor de todas as cancións. Así, o sol é unha estrela que asubía, como a auga que ferve nunha pota, o noso planeta semella cantar coma un canario, e nas lúas de Xúpiter escoitamos o fondo do océano.

O Mundo que Queremos orbita nun universo particular, formado por diferentes esferas que todas xuntas conforman a banda sonora dun proxecto que xira durante nove meses sen parar, mais cambiando a súa melodía segundo os ritmos e intensidades de cada un dos elementos que o compón.

Din que no baleiro espacial o son non existe. Mais o silencio non reina no noso universo, e isto foi o que escoitamos.

3.1. Quen conforma o firmamento de OMQQ?



O equipo formado por un consorcio de seis entidades que se uniron para darlle harmonía e ritmo a este proxecto feito canción, compoñen a clave de sol arredor da cal vibrarán os seis centros participantes no proxecto.

[*Solidariedade Internacional de Galicia*] [Líder]

Unha ONGD de cooperación galega e de carácter laico que busca consolidar e reforzar os procesos de desenvolvemento humano autónomo e sustentable. Encargouse da coordinación institucional entre a Xunta, o equipo de traballo e os centros, así como tamén da planificación xeral do proxecto e da súa xustificación técnica e financeira.

[*Asociación Galega de Reporteiros Solidarios AGARESO*] [Agrupada]

É unha ONGD laica e apartidista, formada por un colectivo de profesionais do mundo da comunicación en Galicia que cren no poder da comunicación como ferramenta de transformación social. AGARESO foi a organización responsábel de impartir os obradoiros prácticos sobre instrumentos comunicativos de transformación social (radio e fotografía) co fin de darlles voz e construír os seus propios relatos de denuncia e cambio; tamén se encargou de elaborar e desenvolver o plan de comunicación.

[*Educación e Cooperación EDUCO*] [Agrupada]

ONGD que actúa a favor da infancia e a defensa dos seus dereitos, en especial o dereito a recibir unha educación de calidade. EDUCO é responsable da coordinación pedagóxica, o que implica o acompañamento ao profesorado participante, a dinamización dos obradoiros iniciais nos centros e ser o enlace para a posta en marcha das diferentes accións adaptadas segundo as particularidades de cada un dos centros.

[*O Grupo de Teatrx dx Oprimidx 100Tolas*] [Integrante]

Un colectivo que traballa a través do Teatro dos Oprimidxs e do Teatro social as distintas opresións que vivimos nas nosas realidades sociais, políticas e económicas, cun ollar

sensiblemente feminista. O Grupo 100Tolas achegou a peza teatral A viaxe de Ana aos centros, poñendo o foco de atención sobre as múltiples vulnerabilidades e violencias que existen ao noso arredor (e mesmo nos nosos corpos) como son as de xénero, clase ou orixe, creando un espazo de reflexión final unha vez finalizada a representación da obra.

[*Tempo de Loira*] [Integrante]

Cooperativa sen ánimo de lucro especialista no acompañamento de procesos grupais, dinamización de espazos formativos e apoio a iniciativas que loiten por acadar a xustiza e a equidade social centrada especialmente na educación e na cooperación internacional para o desenvolvemento. As súas funcións nesta iniciativa é a elaboración do diagnóstico e avaliación final, así como o acompañamento xeral do proxecto e fortalecemento grupal.

[*Asemblea de Cooperación pola Paz ACPP*] [Colaboradora]

É unha ONGD que busca promover o desenvolvemento autónomo e democrático así como traballar cara a xeración dunha cidadanía crítica e comprometida. ACPP colabora sendo o nexos entre o equipo e IDAC (Instituto de Desenvolvemento da Acción Comunitaria), organización que traballa a prol da saúde comunitaria nos bateys da República Dominicana, que este ano deu voz á Visita do Sur do proxecto. ACPP facilita o desenvolvemento desta actividade reforzando ao equipo cunha persoa acompañante de ditas visitas.

A música que chega aos nosos ouvidos

Despois de varias edicións do proxecto OMQQ, as organizacións e persoas que forman parte do consorcio foron evolucionando ao longo dos anos, coñecendo máis e establecendo unha maior cohesión entre elas. Á par que o proxecto foi madurando na súa execución moitas actividades, roles e procesos están xa establecidos de tal xeito que moitas das dúbidas xurdidas no pasado resolvéronse.

Así a todo, se todas as persoas do equipo coinciden en indicar que os roles están máis definidos e tamén son máis concretos os obxectivos a acadar, sinalase que aínda existen debilidades á hora de asumir os mesmos de forma consciente e responsable, o que nos abre novos mundos de posibilidades sobre os que traballar.

Nas faltas identificadas no desenvolvemento dos roles soa unha música común e que, tal e como se enunciou nunha entrevista individual, ás veces non se expoñen as críticas dun xeito claro e propositivo. Esta falta de comunicación impide que os fallos detectados e propostas de cambio flúan e, polo tanto, resólvanse. Con ánimo de que OMQQ continúe evolucionando cara un mellor desenvolvemento, considérase necesario habilitar espazos e mecanismos nos que traballar os puntos diverxentes, as queixas e problemas co fin de chegar a posíbeis solucións.

Ideas para a afinación

Alén de asumir de xeito individual a responsabilidade de abordar este tipo de temáticas de xeito positivo e propositivo, pódense estruturar as reunións incluíndo puntos de información, xestión e reflexión con tempos determinados previamente, co fin de asegurar que os temas importantes non se vexan afectados polas urxencias. Así mesmo, cabe

a posibilidade de incluír na definición dos roles funcións específicas de fortalecemento do equipo.

De xeito indirecto ao traballo das diverxencias relaciónase o reforzo dos espazos emocionais do grupo. Sen esquecer que este é un equipo conformado para o desenvolvemento dun proxecto concreto, faise imprescindible clarificar cales son os límites do mesmo a nivel emocional, para que ninguén se sinta excluída, desbordada ou invadida. É un traballo que lle corresponde ao grupo definir que nivel de intimidade quere acadar e de cada integrante do mesmo asumir o significado do espazo. Se existen incongruencias neste nivel e afloran durante a execución do proxecto, non só se ven afectadas negativamente as persoas individuais, senón que tamén afectarán negativamente ao proxecto. Deste xeito, novamente faise fincapé no valor da comunicación como ferramenta de cambio, neste caso, da comunicación eficaz e asertiva.

Tensión.

Substantivo feminino

Estado de oposición, impaciencia ou nervios que existe entre persoas. A tensión nace cando nos enfrontamos a situacións que consideramos ameazantes. Tres exemplos: chegar nova a un grupo de traballo xa establecido dende hai anos; estar no medio dunha discusión acalorada; non entender os conceptos que se manexan nun equipo. Tamén se produce tensión cando hai intereses enfrontados. Que ocorre cando te sentes tensa? Estás nerviosa, impaciente e perdes a calma con facilidade. Se falas con algunha persoa en quen confías, experimentarás un grande alivio.

“Os problemas enquistan e medran. Ao final sae o proxecto con peores resultados e sufrindo máis do debido”. “O feito de que non se poda falar ou pór sobre a mesa os problemas comeza a ser un límite e sinto imprescindible poder abordar os conflitos”.

Nun aspecto máis técnico, parece que, aínda que é evidente que as diferentes organizacións comparten un mesmo obxectivo e camiñan na mesma dirección en tanto que se idea o proxecto colectivamente, existen certas diverxencias na forma de expresalas que poden xerar confusión ás persoas receptoras da mensaxe, neste caso alumnado e profesorado. A orixe disto poden ser as distintas concepcións ideolóxicas das organizacións e, máis concretamente, no modo de entender e vivir a ED. Esta variabilidade non só é percibida ao interno do equipo, senón mesmo o sinalan parte do profesorado participante durante as entrevistas realizadas, indicando a necesidade de unificar os discursos e terminoloxías.

Ideas para a afinación

A visión común da cooperación débese enfocar cara o empoderamento, cun discurso claramente feminista e emancipador. Neste sentido será necesario establecer unhas pautas de comunicación e elaboración de mensaxes dos diferentes obradoiros, así como reforzar ao equipo na posta en práctica deses discursos. Unha idea pode ser o establecemento de "pausas café" para compartir recursos que cada entidade teña ou sobre a que estean a traballar arredor da ED, da comunicación transformadora, feminismos ou sobre educacións alternativas. Ou, en caso de identificar puntos concretos a reforzar por alguén, reservar unha porcentaxe do orzamento do proxecto para participar en formacións específicas con réplica no equipo do consorcio, a modo de fondo de formación.

Habendo aínda diversos aspectos que precisan atención, en xeral, o equipo sinala que ano a ano vanse consolidando como grupo de traballo no que cada persoa cre e implícase no proxecto, acéptanse as diversidades como unha potencialidade estratéxica a coidar (especialmente traballando as diverxencias), e ten vontade de mellora. Todo isto a pesar de vivir un curso de ausencias, inestabilidades na participación e mesmo redución de espazos conxuntos de coordinación, situacións que non alteraron o desenvolvemento das accións xa que, tal e como se indica nunha entrevista, o proxecto está o suficientemente asentado para asumir estas variabilidades.



Seis son os centros que participaron neste universo sonoro, tocando e bailando cada un coa súa cadencia e harmonía propia, vibrando de xeito único neste noso pentagrama solar.

1. IES David Buján [Cambre, A Coruña]

Curso e Nº de Grupos	DESCRIPCIÓN								TOTAL			
	1º ESO / 3		2º ESO / 3		3º ESO / 2		4º ESO / 2		10			
Alumnos e C ⁶	35	1	33	5	30	7	24	2	122	15	238	48
Alumnas e C	33	3	30	17	29	6	24	7	116	33		
Profesorado Participante	Unha profesora coordinadora (foi substituída por mór dunha baixa por un compañeiro). Unha profesora e un profesor.								3			
Temáticas	Desigualdade e medio ambiente											

Este instituto vén realizando un labor solidario nas liñas de concienciación medio ambiental e contra a desigualdades co obxectivo de que as alumnas e alumnos crezan como persoas

⁶ C é o acrónimo para Alumnado Conector; os datos son os iniciais, pois non existen datos dispoñibles sobre os de execución.

críticas, responsábeis e activas, capaces de actuar a nivel local (sic). Así, o centro comprométese con proxectos de diversas organizacións entre os que se encontra O Mundo Que Queremos.

Na edición deste ano, o IES de Cambre foi o centro con máis alumnado participante, involucrándose ata un total de 238 persoas (116 alumnas e 122 alumnos), isto é, a totalidade do alumnado do centro cun perfil socio-demográfico descrito como complexo. Como resumo da súa participación, no global, as persoas do equipo falan dunha grande implicación e motivación, sobre todo do alumnado conector; quen á súa vez non dubida en sinalar que o equipo foi un elemento clave á hora de incentivalos para que o proxecto saíra adiante.

O profesorado que se vinculou á proposta desde o principio, contou cunha profesora coordinadora máis outras dúas persoas docentes, se ben a coordinadora tivo que ser substituída deste rol por mor dunha baixa, asumindo unha persoa non prevista estas funcións tan significativas. Este imprevisto foi un escollo máis na implicación do profesorado, quen de forma habitual non facilitaba o acontecer do proxecto durante e entre as sesións. Á falta de motivación súmase participar dun proxecto integral de forma ambiciosa, con todo o centro, que fixo que se visen un pouco desbordados na execución, especialmente o novo responsábel da coordinación do profesorado quen realizou un esforzo infrutuoso por implicar aos demais docentes, o que contribuíu ao seu desgaste.

Esta falta de compromiso do profesorado, que de forma habitual non estaba presente nas actividades, pódese vincular tamén ao emerxer de constantes condutas disruptivas por parte dun determinado número de alumnado, que complicaban o desenvolvemento dos talleres e a participación do conxunto da rapazada, como aconteceu durante a peza de teatro.

No global, diferentes persoas do consorcio declaran que o IES David Buján foi *un querer e non poder*. Dende o primeiro momento, sóbose que representaba un desafío porque implicaba a todo o centro, mais só o alumnado respondeu ás expectativas. O profesorado non asumiu o compromiso adquirido e o equipo do proxecto non foi quen de reconducir a situación. Finalmente, o acto final, actividade na que máis recursos e enerxía se emprega e máis expectación xera pola súa potencial presenza e impacto na comunidade alén do centro, realizouse pola motivación dun escaso grupo 40 de alumnas e alumnos.

Decepción.

Substantivo feminino

É o pesar que che invade cando algo é contrario ou non é como se esperaba. É posible non decepcionarse nunca? Iso só podería ocorrer se xa o souberas todo. Todo: dende cantas veces sorrirá túa nai cada mañá ata o tamaño exacto do universo. E se podes sorprenderte, tamén podes decepcionarte. Ambas emocións implican que algo non é como pensabamos ou desexabamos. No caso da decepción, ese desaxuste contrárianos. Pero non hai que desanimarse. Esas experiencias tamén nos axudan a aprender. É practicamente imposible non decepcionarse.

“Foi un pouco fracaso como grupo de traballo e como centro educativo. Se te adhires co centro enteiro non podes ter tan pouca

implicación e nós non conseguimos reconducir a situación". "Foi un proxecto moi ambicioso e desbordounos, xerando unha tensión no centro porque o compromiso para este proxecto era relativo".

2. IES Cabo da Area [Laxe, A Coruña]

Curso e Nº de Grupos	DESCRIPCIÓN								TOTAL			
	1º ESO / 1		2º ESO / 2		3º ESO / 12		4º ESO / 1		5			
Alumnos e C	13	0	12	2	7	0	5	0	37	2	67	3
Alumnas e C	7	0	11	0	8	0	4	1	30	1		
Profesorado Participante	Unha profesora coordinadora.5 Seis profesoras.								7			
Temáticas	Equidade e Desigualdade											

No IES Cabo da Area o profesorado vén amosando dende os últimos anos unha crecente preocupación pola "empatía do alumnado de cara ao diferente" se ben non hai problemas de convivencia salientábeis. Querendo traballar a solidariedade, considerando esta un traballo totalmente transversal que se podería abordar en calquera das materias impartidas e buscando un cambio metodolóxico significativo, decidiuse traballar no curso escolar 2016-2017 con estes tres Plans Proxecta: "Protexe os animais" (Educación infantil), "Voluntariado miúdo: Móvete" (Educación primaria) e "Cooperación galega: O mundo que queremos" (Educación secundaria).

Alén dos obradoiros de radio e fotografía, ou a representación das 100Tolas coa metodoloxía do Teatro dxs Oprimidxs e a visita da representación dominicana, o profesorado realizou actividades dentro da súa materia relacionadas coa temática da solidariedade. O profesorado envolvido na execución de OMQQ, composto integramente por mulleres, implicáronse no desenvolvemento do proxecto non só facilitando a súa realización, senón participando do mesmo, valorándose os resultados obtidos polo centro como satisfactorios. A profesora coordinadora expresou na entrevista o seu agrado co traballo realizado e as compoñentes do consorcio salientan o traballo do profesorado implicado e a proximidade co alumnado, en especial da devandita coordinadora.

O alumnado participou activamente, aínda que é salientábel unha timidez inicial do grupo que pouco a pouco foise superando e véndose empoderadas e cómodas/os co decorrer do proxecto, participando a totalidade do grupo de alumnado e do profesorado no acto final de incidencia. Tal como supuñan as profesoras, aínda que non é un centro especialmente conflictivo, o alumnado expresa un receo ás diferenzas, nomeadamente signos de racismo contra as persoas inmigrantes.

Satisfacción.

Substantivo feminino

Pracer ou sentimento de benestar que resulta da realización de algo que se desexa ou é preciso. Siciar unha necesidade prodúceche satisfacción. A necesidade pode ser física ou emocional: calmar a fame ou pintar unha paisaxe. Aumenta a túa confianza? Si. Confías máis en ti mesma. Especialmente, cando a satisfacción a xeran as túas propias capacidades ou o teu comportamento. Sénteste dobremente satisfeita. Pódese experimentar satisfacción incluso na derrota. Se logras mellorar un resultado anterior, aínda que perdas a competición, xa é un gran logro.

“Para min xa mereceu a pena os cartos invertidos pola nena que en teoría tiña dificultades en comunicación e no proxecto era unha animalada como falaba e a súa sensibilidade e empatía, e como conseguiu traer a súa vida persoal ao proxecto”.

3. IES Isidro Parga Pondal [Carballo, A Coruña]

	Curso e Nº de Grupos	Alumnos e C	Alumnas e C	Profesorado Participante
DESCRICIÓN	3º ESO /1	14	6	Unha profesora coordinadora. Unha profesora e un profesor.
		3	1	
TOTAL	1	20		3
		4		
Temáticas	Paz			

No ideario do IES Isidro Parga Pondal existe a convicción de que as accións no entorno próximo poden contribuír a influír nun mundo global. Tendo como fío condutor as materias de Valores Éticos, queren que exista un intercambio cultural para que se cree unha consciencia global no alumnado, para que sexan cidadanía global e que se compartan realidades diversas, problemas comúns seguindo o lema de *pensar globalmente, actuar localmente*. Ademais o proxecto pódese utilizar para impulsar a normalización lingüística a través dos obradoiros de TdO e radio e o centro dispón dunha aula multimedia e informática. A metodoloxía que propón o profesorado casa co que busca o proxecto no que non só se busca que adquiran coñecementos, senón que se desenvolvan actitudes e habilidades que capaciten ao alumnado para participar activamente nos cambios sociais.

O profesorado envolvido tivo un nivel de implicación, segundo as entrevistas feitas ás compoñentes do consorcio, moi alto en todo momento. Aínda que o persoal docente estivo un pouco desbordado, non decepcionou en momento ningún; non só foi doado contactar coa profesora coordinadora e as outras compoñentes do profesorado participante para temas de coordinación, senón que tamén amosaron grande interese en participar asistindo aos

obradoiros. Porén, a implicación do resto do profesorado foi máis ben anecdótica, mesmo no acto final, e puntualmente non querían deixar participar a determinado alumando.

En canto ao alumnado, a participación foi considerabelmente boa, aínda que moi desigual entre os rapaces e as rapazas, como se expón nunha das entrevistas, xa que os primeiros acaparaban o tempo de intervención impedindo unha maior intervención das alumnas. As desigualdades de xénero e o machismo considérase dende o inicio do proxecto un dos retos a afrontar neste centro, se ben non foi un dos temas escollidos sobre o cal traballar.

Malia a falta de participación do profesorado e a ausencia dalgúns alumnos e alumnas, o acto final tivo certo impacto e deixou unha sensación de éxito nas compoñentes do consorcio, sentimento baseado na participación do alcalde e profesionais do concello, familiares e veciñanza, logrando contaxiar dos obxectivos do proxecto ao contexto máis inmediato do centro, a súa propia vila.

Inseguridade.

Substantivo feminino

Con temor ao perigo e as incertezas. A inseguridade é unha falta de confianza. Pode faltarnos confianza en nós mesmas ou nas demais persoas. Que acontece cando te sentes insegura? Se non estás segura, adoptas mecanismos para defenderte. Se na aula non cres que a túa opinión será escoitada e valorada, sentiraste insegura e calarás. Se non confías nunha persoa amiga, quererás illarte para sentirte a salvo.

“Paramos nalgún momento porque estaban copando o diálogo, e tivemos que dicirlle a un rapaz que lles botaba en cara ás rapazas que non participasen, que para que elas podan falar el tiña que calar”.

4. IES Fonmiñá [Pastoriza, Lugo]

Curso e Nº de Grupos	DESCRIPCIÓN								TOTAL			
	1º ESO / 1		2º ESO / 1		3º ESO / 1		4º ESO / 1		4			
Alumnos e C	9	1	9	1	8	1	8	0	34	3	60	10
Alumnas e C	5	1	6	1	5	1	10	4	26	7		
Profesorado Participante	Unha profesora coordinadora. Dúas profesoras								3			
Temáticas	Equidade e Medio ambiente											

O IES Fonmiñá é un instituto dunha zona un pouco illada de outras poboacións, ao que se vinculan certas particularidades do mundo galego rural, entre as que destacan a falta de accesibilidade a este tipo de propostas e actividades de forma continuada durante o curso.

Desta forma, o profesorado atopou a simbiose perfecta entre as necesidades do centro e a liña de traballo de OMQQ. A folla de ruta foi a mesma ca nos outros centros nos que se ten traballado, pero aquí o proxecto tivo unha especial incidencia política fóra dos límites do recinto educativo (o mesmo que, como veremos, aconteceu en Silleda) ao impulsar a busca de necesidades por parte do alumnado co gallo de elevar unha demanda ás autoridades locais: a demanda de axudas para financiar o transporte do alumnado dos cursos da educación non obrigatoria (bacharelato e formación profesional). Para isto distribuiron follas de firma no entorno, penduraron un cartel reivindicativo e finalmente no acto final explicaron ás persoas asistentes (entre as que había familiares, veciñas e veciños, representantes municipais ou organizacións sociais e culturais) a súa demanda, utilizando como medio unha obra de teatro para amosar as desigualdades que a falta de financiamento pode xerar.

A implicación do profesorado foi boa segundo as compoñentes do consorcio, facilitando a realización das actividades, asumindo a coordinación que implicaba e fomentando a participación e o bo desenvolvemento das sesións. Mostra disto foi que, na actividade da visita das representantes da República Dominicana, conseguíuse que asistisen e participasen xente vida da corporación municipal co alcalde á cabeza, cando nos outros centros as autoridades participaron só do acto final; mais hai que sinalar que a participación do profesorado diminuíu durante o desenvolvemento das accións, deixando soas ás educadoras e ás facilitadoras no transcurso dos diferentes obradoiros.

En canto alumnado, viuse unha enorme participación e implicación na identificación das súas necesidades e problemas e na posta en marcha de accións específicas para a súa mellora. Un alumnado que ao inicio describíase como tímido ou pechado, pouco a pouco evolucionou cara unha proactividade e capacidade de iniciativa para realizar os obxectivos. Mais ás veces semellaba que o traballo estaba moi preparado e era menos reflexivo, como sinala un compoñente do consorcio en relación á visita da República Dominicana. O cume desta evolución fíxose visíbel no acto final e na capacidade de incidencia que tiveron presentando o traballo realizado e conseguindo que as autoridades locais apalabrasen a posta en marcha de bolsas para o transporte; se ben a súa participación reduciuse a 20 alumnas e alumnos.

Entusiasmo.

Substantivo masculino

Sentimento que demostra alegría por algo ou alguén. Cando nos deixamos levar por el, sentímonos todopoderosas, capaces de calquera cousa. Como soa o entusiasmo? O entusiasmo soa coma a música porque o teu corazón latexa a un ritmo especial. O seu ritmo comeza no teu corazón, vai cobrando forza pouco a pouco, sobe polos teus brazos, baixa polas túas pernas... É unha enerxía que nace do teu interior e impúlsate a actuar.

"A participación é posible e os cambios no entorno tamén".

5. IES Pintor Colmeiro [Silleda, Pontevedra]

Curso e Nº de Grupos	DESCRIPCIÓN						TOTAL			
	2º ESO /1		3º ESO /1		4º ESO /1		3			
Alumnos e C	1	0	5	0	2	1	8	1	27	3
Alumnas e C	5	1	12	1	2	0	19	2		
Profesorado Participante	Un profesor coordinador. Unha profesora e un profesor.								3	
Temáticas	Sustentabilidade e medio ambiente									

Se falabamos da especial incidencia política do centro educativo da Pastoriza, o IES Pintor Colmeiro tamén destacou nesta actividade segundo o equipo do consorcio.

Silleda é unha vila de tamaño moito maior ca Pastoriza, con moita máis poboación colindante e boas comunicacións con pobos e cidades, así a todo, é unha vila rural que basea a súa economía na gandaría e na agricultura. A incidencia política que realizaron no cadro de OMQQ foi adheríndose ás reivindicacións veciñais para que Gas Natural non estrague as fragas de Catasós realizando unha andaina polas mesmas no acto final.

Alén da integración do traballo feito no proxecto na vida político-social da vila, tamén se caracterizou en relación aos outros centros polo distintos que foron os procesos de execución. Por exemplo, nos obradoiros participaba o alumnado xeito voluntario fóra do horario escolar, demostrando a súa boa coma do profesorado. Tamén mostra que xa hai un traballo atrás de motivación da rapazada. Hai que salientar, con todo, que a realización do proxecto no centro débese a que este cadraba coas necesidades que sentía o profesorado por mellorar as competencias dixitais -a través de obradoiros de vídeo, radio ou gravación que eran obradoiros que viñan realizando en cursos anteriores- entroncándoa coa educación en valores, que xulgaron necesaria no claustro a inicios do ano anterior e complementábase con outro proxecto que se desenvolveu de xeito paralelo no centro e que tamén versaba sobre comunicación transformadora e co que realizaron un programa de radio e un vídeo de valores que presentaron á Olimpíada Filosófica de Galicia -na que obtiveron o 1º premio- e á Olimpíada Filosófica de España. Ademais, con OMQQ, puxeron en marcha a iniciativa Salvemos Catasós en apoio á plataforma da veciñanza en conflito con Gas Natural que culminou coa andaina do acto final referida anteriormente.

Todo isto demostrou o nivel de organización do centro e do profesorado envolvido, especialmente do seu compromiso na asunción dos obxectivos que o proxecto, e a educación para a cidadanía de forma máis xeral, proclama.

Tamén foi neste centro onde aconteceu un dos momentos reveladores do proxecto, cando un rapaz de orixe dominicana expuxo durante a actividade da Visita do Sur os seus prexuízos contra as persoas haitianas, creándose un debate interesante para contra-argumentar as súas ideas pola parte das representantes dominicanas e mesmo tamén coa intervención do profesorado.

Ilusión.

Substantivo feminino

Felicidade que se sente pensando no desenlace de algo. É a esperanza de que se cumprirá algo que desexamos. Ter ilusións é unha das mellores maneiras para gozar da vida e facer as cousas con enerxía. As cousas teñen ilusión ou somos nós quen poñemos ilusión ás cousas? Podemos poñerlle ilusión a case todo: a ter unha irmá, a festexar o noso aniversario, a facer un traballo en grupo cos nosos compañeiros e compañeiras... A ilusión é un ingrediente co que lle damos sabor á vida.

“A potencialidade do querer”.

6. IES Valadares [Vigo, Pontevedra]

	Curso e Nº de Grupos	Alumnos e C	Alumnas e C	Profesorado Participante
DESCRIPCIÓN	4º ESO /3	36	37	Un profesor coordinador. Unha profesora.
		6	9	
TOTAL	3	73		2
		15		
Temáticas	Equidade e Desigualdade			

De todos os centros que fixeron parte de OMQQ, o IES Valadares non participou directamente da avaliación ao non obter resposta do profesorado para organizar a recollida de información. Esta situación ben resume o que foi un ano de fallas e non asunción dos compromisos establecidos en relación ao presente proxecto.

Case todas as compoñentes do consorcio amosáronse decepcionadas cos resultados obtidos neste centro, ben na súa execución como na propia comunicación ou coordinación. Fálase dun profesorado ausente, malia que inicialmente ata once profesoras e profesores apoiaran a súa realización só a persoa coordinadora foi quen de implicarse no seu desenvolvemento.

Tampouco contribuíu a mellorar o desenvolvemento o feito de que, dende o primeiro momento, este profesorado mesmo transmitiu a idea de que o alumnado non participaría por seren moi desleixados. Porén, as compoñentes do consorcio coinciden en sinalar que o alumnado presentábase moito máis motivado para as actividades de como fora descrito, polo que hai indicios para pensar que se houbera unha maior implicación do profesorado, as actividades terían maior éxito. Tal e como sinala unha persoa do equipo, “o alumnado estivo estigmatizado polo seu profesorado”. De feito, tanto o facilitador dos obradoiros de fotografía coma a facilitadora dos de radio, informaron de que os obradoiros foron moi participativos e agradábeis. Por outra banda, o mesmo profesorado ás veces fallou na comunicación coas persoas facilitadoras e coas educadoras para a coordinación dos obradoiros e mesmo para o bo fluír da relación.

Así como o centro no participou na avaliación, tampouco realizou o acto de incidencia final.


Algunhas voces autocríticas din que en parte o consorcio foi responsábel de que a intervención non obtivese mellores resultados. No inicio, o profesorado do IES Valadares amosouse pouco interesado en continuar e ata propuxo saírse da intervención ao cuestionarse a capacidade para asumir os compromisos que o proxecto demanda, se ben continuaron tras os ánimos e conversas mantidas coa área de coordinación e estratéxica. As limitacións desta avaliación non permiten afondar nas causas e determinantes do desligamento, mais é importante analizar se a distancia física do centro respecto ás sedes das entidades do consorcio puido influír (situadas en A Coruña e Santiago de Compostela), ao requirir maior esforzo para reforzar e motivar ao profesorado. Desta análise, irremediabilmente xurde unha pregunta: o consorcio puxo en marcha todas as ferramentas que tiña na súa man para garantir a participación do alumnado no proxecto coa calidade e responsabilidade debida?

Incomprensión.

Substantivo feminino

A incomprensión nace da falla de entendemento coa outra persoa. Intentamos explicar algo que nos acontece, ou que pensamos, pero a outra persoa non nos entende. En ocasións, sentímonos incomprendidas porque algo que facemos non encaixa coa opinión das demais. Como xorde a incomprensión? Xorde dun desaxuste entre como ti ves o mundo e como pensan as demais que o ves.

“Non era un grupo malo de traballo e deuse por perdido”. “Creo que o alumnado necesitaba un reforzo de fóra, que alguén dixera ‘esta xente responde, fan cousas e interésanse’, fixéronme propostas bastante boas, pero claro, sen ningún apoio...”.



As gafas violetas para ver os datos

	Participante			Coordinador		
	Total	Muller	%	Total	Muller	%
Profesorado	21	16	76.20	6	3	50.00
		Home	%		Home	%
		5	23.80		3	50.00
	Participante			Conector		
	Total	Muller	%	Total	Muller	%
Alumnado	485	234	48.25	83	53	63.85
		Home	%		Home	%
		251	51.75		30	36.15

Como ven sendo habitual, as mulleres son maioría no eido profesional educativo e social. Porén, malia a grande diferenza de participación observado no grupo do profesorado das mulleres en relación aos homes, á hora de coordinar, estas redúcense substancialmente.

Cómpre reforzar a participación das mulleres e potenciar os papeis de coordinación que caen en máis homes aínda que sexan participantes minoritarios nas actividades. Como medida de acción positiva, sería interesante que o consorcio establecese unha porcentaxe equitativa entre profesoras participantes e profesoras coordinadoras como un dos criterios de selección dos centros participantes.

Ao observar o grupo de alumnado, estes datos equilíbranse e mesmo pódese observar unha tendencia en alza, pois, dunha presenza menor máis non significativa de rapazas, á hora de proporse como alumnado conector o seu número é maior.

Sendo o alumnado o grupo participante no que o proxecto ten maior capacidade de promover os liderados, portavocías e autonomías, cabe pensar que, a priori, está a impulsar medidas de acción positiva de empoderamento das mulleres, mais, a falta de información sobre o cumprimento das previsións⁷ así como o desenvolvemento deste rol limita a análise nestes termos.

A m ú sica que chega aos nosos ouvidos

Aínda que as profesoras e profesores que se anotaron para colaborar e participar activamente na execución son as que listamos no cadro anterior, na realidade, na maioría dos centros a participación foi menor, idea na que, de forma xeral, concordan tanto o equipo, o profesorado entrevistado e o alumnado. Complementando a información que se achega na ficha de presentación do proxecto, que enmarca a selección que cada centro fai dos Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos que participará cada curso, OMQQ promove un encontro inicial co profesorado, co obxectivo de afondar tanto no marco teórico como definir as accións, obxectivos e tempos. A pesar deste esforzo e á luz das opinións, parece que non queda claro cal é o nivel de responsabilidade que vai ter o proxecto, podendo ser esta unha das patas sobre as que se asente esta desvinculación, mais tamén sería preciso afondar nas motivacións individuais que levan a cada unha das persoas a vincularse a un proxecto de forma unicamente nominativa.

Ideas para a afinación

A participación do profesorado nos Plan Proxecta leva asociado un certificado en Innovación Educativa, un recoñecemento que premia a todo un equipo docente, independentemente do nivel de implicación a título individual. Para corrixir esta desigualdade, pode resultar interesante que o equipo de OMQQ defina e informe de forma explícita que se entenderá por participación activa do equipo, impulsando unha maior coherencia á hora de expedir ditos títulos.

⁷ Os datos do número de alumnado conector son as propostas ao inicio de curso.

A figura do alumnado conector propúxose xa na anterior edición de OMQQ, mais non foi ata este ano que cobrou forma e identificouse dende o inicio. A función deste alumnado era facer de ponte para conectar dúas beiras, o proxecto e as aulas, de diversos modos: motivando a compañeiras e compañeiros, guiando ao profesorado e conectando coas facilitadoras para a realización das actividades (durante e entre as sesións) ou asumindo portavocías.


Este novo compoñente valorizouse de forma positiva por case todas as integrantes do equipo, mais sinálase que é unha figura pouco definida e mesmo que non se acaban de concretar estratexias concretas para fortalecer ou pór de manifesto o seu rol; camiñar cara a súa autonomía sinálase como un dos retos a conseguir, facéndoas máis protagonistas do proxecto a través da transferencia de responsabilidades.

Ideas para a afinación

En caso de querer consolidar esta figura, faise necesario concretar cal é o seu obxectivo e as funcións específicas asociadas, que posteriormente pódense consensuar en cada centro co alumnado e o profesorado implicado, non só co fin de estruturar os roles, senón tamén de garantir o acompañamento e coidados a este alumnado que asumirá unhas responsabilidades e, polo tanto, vincularanse dun modo máis persoal coa boa (ou non tan boa) marcha do proxecto.

3.2. Interpretando a nosa peza

Como acabamos de ver, cada un dos elementos que compón o noso universo ten unhas características determinadas que fan que teñan un son particular. Máis é na súa danza conxunta que escoitamos a música de O Mundo Que Queremos, co seu ritmo, melodía, harmonía e matices. Unha música que nos emociona, que nos latexa na cabeza e canta ao ouvido.



A importancia dos silencios

Para que haxa son, tamén ten de haber silencio. Os silencios son parte fundamental da música e hainos que saber escoitar. De que nos falan os silencios en OMQQ?

No encontro inicial co profesorado viviuse un silencio de moito calado no grupo. Nun momento determinado, unha profesora preguntou: “Que é o que agardades de nós?”. Todas as dúbidas, o feito de non teren claro o seu rol no proxecto, as incertezas sobre as actividades resumíuse nesta pregunta. E o equipo, nun primeiro momento, calou. É certo que non se fixo unha reflexión conxunta arredor desta pregunta, mais, cada persoa do equipo reflexiona de forma individual que a súa implicación é a clave de éxito do proxecto nun centro; só temos que tirar deste fío para concretar os “como” e convertelos nese motor necesario para acadar os obxectivos.

A realidade da migración trouxo tamén momentos de silencio, con outro cariz, pois nestes as pausas enmarcaron un *click*, un momento de entendemento⁸. A Visita do Sur é unha actividade moi potente en tanto serve de amplificadora doutros contextos, dando voz ás súas protagonistas que, falando dende o “eu” visibilizan as súas realidades. Nesta ocasión, dúas mulleres afrodominicanas con ascendencia haitiana explicaron como vivían a exclusión no seu país, o que serviu como ponte para desmontar os prexuízos que de forma moi concreta se enquistaran en dous rapaces de dous centros diferentes, pois, a través do diálogo afondaron nos estereotipos que manifestaron de viva voz. Dando como resultado ese instante de silencio. Ese segundo no que a mente e o corazón se conectan.

Confusión.

Substantivo feminino

A confusión é unha mestura desordenada de sentimentos que non chegamos a comprender. E iso parálanos. Se estás confusa, non saberás exactamente o que che ocorre. Tranquila, a todas nos pasa en ocasións: intenta pescudar de que emocións se compón a túa confusión.

“Para nos o esforzo é moi grande porque alén das actividades cotiás, tamén temos preocupación polo que poida pasar”. “Queríamos ser un pouco un centro para organizar pero non para coordinar. A idea eran uns poucos talleres onde a xente que viña de fóra levaban todo, como estaban moi pautados os talleres pareceunos interesante”.

3.2.1. O pentagrama

O Mundo Que Queremos escríbese sobre un pentagrama que sustenta as notas e os silencios da nosa peza; aquelas notas que proceden soar para tocar a nosa peza.

O proxecto érguese sobre unha estratexia dirixida a levantar conciencia sobre as causas da desigualdade dende un nivel local ata un nivel global entendendo que cada persoa é quen de influír de xeito que os seus actos sirvan como motor de incidencia e de cambio. Esta estratexia é a continuación do traballo feito nas diferentes edicións anteriores de OMQQ. Por unha banda, a proposta mestura as dimensións de sensibilización e incidencia da Educación para o Desenvolvemento e o intercambio de coñecemento entre as realidades locais e as realidades globais para que, a través dun proceso reflexivo, as persoas sexan quen de descubrir as causas das devanditas realidades. Por outra, a estratexia inclúe o coñecemento do poder que determinados instrumentos de comunicación como a radio, a fotografía ou o TdO teñen na construción de relatos alternativos e incidir así nas súas comunidades. Como propósito final, o proxecto busca crear unha conciencia e unha autoestima suficiente para propor accións de mobilización, demanda e reivindicación concretas que poidan contribuír a mellorar ou mudar

⁸ *Insight* é un termo utilizado en psicoloxía referente ao momento no que alguén comprende ou decátase dunha “verdade” na súa complexidade e que posibilita unha posterior aprendizaxe.

situacións problemáticas e necesidades reais. Partindo dunha continuidade, no deseño do proxecto realizáronse ano a ano melloras ou cambios en relación aos anos anteriores, baseadas en necesidades detectadas e aprendizaxes significativas.

A estratexia proposta novamente resultou positiva, producíndose un proceso de sensibilización e concienciación de mozas e mozos. O alumnado sorprendeuse ao coñecer a realidade doutros lugares do mundo e foi quen de analizar que moitos deses problemas tamén os comparten no seu propio entorno. A utilidade tamén foi visíbel na evolución da participación; nomeadamente sinálanse aqueles centros máis illados e cun alumnado descrito como máis tímido ou pechado, que ao principio non participaba con facilidade, pero segundo ía avanzando a intervención sentíanse con máis capacidade e implicáronse, especialmente nas actividades de incidencia realizadas no acto final.

En canto ás expectativas que o profesorado tiña do proxecto cumpríronse, obténdose resultados satisfactorios especialmente para o profesorado malia sinalar aspectos mellorables no deseño e desenvolvemento das actividades.

Ledicia.

Substantivo feminino

Hai quen a chama “xúbilo”, “contento” ou “gozo”. A ledicia é causada por un motivo pracenteiro e, por iso, é sumamente agradable. A ledicia é de corta duración. Porén, unha pode ter moitísimos ratiños ledos durante o día.

“A primeira emoción é alegría e satisfacción. Conseguimos algo que nos propuxemos dende o principio, é o traballo que levamos facendo todo un ano e levalo á luz e dicir á xente todo o que fixemos... 😊”.

No encontro inicial viuse a necesidade de traballar a ED porque, de xeito desigual, había centros que informaban que antes de OMQQ, ou ben non se traballa por careceren de formación neste eido (casos de Silleda ou Valadares), ou se tocaba un pouco por riba sen que existise un proxecto específico ou que a incorporase de forma transversal (casos de Laxe, Cambre e Carballo). Só na Pastoriza incorporan a ED de forma clara, ao recollese no plan de convivencia e ao formar parte do temario de ciencias sociais. Por tanto, OMQQ sitúase como útil para dar os coñecementos básicos en ED e, unha vez asentados, para fortalecer as capacidades prácticas que fagan que alumnas e alumnos se convertan en persoas responsábeis de si mesmas, capaces de incidir nas súas comunidades para que estas progresen.

En canto á linguaxe, parece que hai algunhas diverxencias nos conceptos que se utilizan no proxecto en dous niveis.

No primeiro, sinálase que non hai unha linguaxe común entre as entidades que conforman o consorcio. Esta limitación é identificada tanto por persoas do equipo como por algunhas persoas do profesorado participante. Hai unha necesidade de unificar a terminoloxía e é un traballo que se debe de facer a propósito, no que todas as ONGD unifiquen a súa linguaxe no

marco do proxecto para que as mensaxes sexan coherentes; a diversidade do grupo, valorada positivamente en moitos aspectos, ten o reto de construír o dicionario de OMQQ.

Nun segundo nivel, este xa individual, sinálanse diverxencias nos usos da linguaxe, nas mensaxes que empregamos e a ideoloxía que a sustenta, pois, de forma puntual noméanse serias incoherencias, en canto ao uso sexista da linguaxe e terminoloxía e frases vinculadas a unha visión asistencialista da cooperación. Se todas as persoas debemos facer o exercicio de *habitar* as ideas que transmitimos canto máis nun contexto de aula, no que nos presentamos como modelo dunha filosofía e modo de alternativo de pensar e ser no mundo.

Ideas para a afinación.

Como ferramenta pódese elaborar un dicionario cos conceptos básicos e os significados consensuados polo consorcio de entidades, así como incorporar ideas forza e bibliografía básica, que axude a unificar a linguaxe de todas as persoas que dun ou doutro xeito se vinculen co proxecto (ben sexa para intervir na aula, ben para realizar presentacións públicas ou elaborar documentos). Tamén sería interesante complementar cun manual pedagóxico que afonde no discurso e mensaxes que se transmiten nos diferentes obradoiros e que faciliten o desenvolvemento das accións nos centros.

Para a construción dese discurso unificado, cómpre revisar as prácticas e inercias das compoñentes do consorcio no plano organizacional e individual para se aliñaren co concepto de quinta xeración da ED que xa manexan e que ten como obxectivo o empoderamento da xente. Dese empoderamento tamén deben facer parte as propias persoas que forman parte do equipo. Por exemplo, na formación interna ao consorcio nomeáronse dúbidas e discrepancias na utilización do termo denuncia, porque hai quen acha que pode ser moi forte e pór en contra a moitas persoas receptoras da mensaxe.

A denuncia é un dos motores da incidencia política, un instrumento de cambio social; se se elimina esta pata, o proxecto limitaríase a ser un instrumento para visibilizar desigualdades, sinalando as que hai mais sen incidir nas súas causas e consecuencias. Neste sentido, as ONGD compoñentes do consorcio deben analizar cal ten que ser a finalidade do proxecto e evitar esta discrepancia xa que, resultado desta decisión, empregaranse segundo que mensaxes.

Vinculado a este debate, unimos a visión dun profesor que pensa que, se ben as temáticas traballadas e as ferramentas son interesantes, os discursos non se traballan coa mesma intensidade ou relevancia; puntualmente bótase en falta que a nivel pedagóxico se constrúa o discurso dun modo máis reflexivo e fundamentado e que, no canto de ser tan dirixista, se promova o debate para que cada quen chegue ás súas propias conclusións e que, dende aí, xurda a necesidade de incidir politicamente.

Ideas para a afinación.

En resumo, o equipo ten como tarefa resolver dúas cuestións. A primeira, se se quere ou non definir dende o inicio como un proxecto de denuncia; en caso de non facelo debe quedar claro xa dende documento de formulación (as actividades que directamente se desenvolven nos centros enmárcanse nun resultado para favorecer vías de denuncia sobre as súas realidades). A segunda, pensar como dende os primeiros contactos e no discurso das persoas facilitadoras se fomentará no alumnado a necesidade de realizar unha acción de mobilización social para influír nas desigualdades identificadas ou se, pola contra, débese presentar como parte clara e ineludible do proxecto.

Respecto á pertinencia das actividades para acadaren os obxectivos, vese que maioritariamente se consideran axeitadas mais mellorábeis. A planificación e distribución temporal das mesmas é un punto importante e sinalado por todo o profesorado, sinalando como problema asociado a desconexión do alumnado co proxecto, que fai que moitas veces non recorden o porque das actividades, e mesmo, en determinadas ocasións, ter realizado a actividade en si. Neste sentido resulta clave a figura da facilitadora, quen ten como misión facilitar esa conexión, máis tamén o do propio profesorado á hora de apropiarse do discurso e incorporar nas súas materias os debates e reflexións que aquí xorden.

Tamén o profesorado sinala como necesidade pautar máis as actividades, o que trae un novo debate ao interno do grupo sobre a autonomía e nivel de participación do alumnado. Hai diferentes posturas sobre a concreción do proxecto en cada un dos centros; hai quen pensa que se o posicionamento é fomentar suxeitos responsables débese dar autonomía total dende o inicio; e hai quen di que esa autonomía pódese fomentar nun entorno máis estruturado e pechado. Se ambas visións son interesantes e válidas para o desenvolvemento das accións, o certo é que o profesorado indica que lles supón un sobre esforzo reforzar desta autonomía no alumnado xunto cos niveles de coordinación que implica a organización das actividades no centro. A participar apréndese, pero hai que ensinar a participar e iso require tempo.



Notas sobre as actividades

O conxunto do profesorado que participou na avaliación acorda en destacar:

Os imprescindibles: as actividades, todas. A nivel metodolóxico axústanse ao alumnado e complementáanse entre si, achegando, de diversas formas e narrativas, instrumentos cos que empoderarse como suxeitos implicados no cambio que queren ver no mundo.

Aspectos a mellorar: a planificación. Pautar mellor todas as accións e intervencións así como as responsabilidades e tarefas a levar a cabo por cada unha das actrices participantes (dende o encontro inicial ata a avaliación final). Así mesmo, axustar mellor esta planificación á vida orgánica dos centros, de modo que o fin do curso non se vexa sobre saturado de tarefas.

Aquelo que se pode eliminar: nada.

Alén dos obradoiros, dúas actividades merecen unha análise máis profunda: o encontro inicial co profesorado e a acto final dos centros.

O encontro inicial é unha proposta diferente co que dar inicio ao proxecto. Convidase a participar ao profesorado co obxectivo de realizar o diagnóstico de partida de cada centro, enmarcar a ED e o seu significado dentro de OMQQ, presentar o proxecto, a súa filosofía e ás entidades participantes, intentar encadrar o proxecto en cada un dos centros e resolver dúbidas sobre o desenvolvemento xeral e do seu rol en concreto. Tanto o equipo como o profesorado entende que este é un espazo a manter, especialmente para definir expectativas e demandas, mais cabe preguntarse se este espazo non busca abordar demasiados obxectivos, tras un día lectivo de traballo, nun único encontro de catro horas, e se realmente resulta eficaz.

O acto final este ano pasou de se realizar de maneira centralizada e conxunta para todos os centros a facelo de forma individual nas súas vilas. Indícanse como consecuencias positivas unha maior coherencia co obxectivo final do proxecto xunto cunha maior capacidade de chegar ao público de fóra da escola (nais, pais, veciñanza, representantes políticos e axentes sociais), traducíndose nunha sensibilización e capacidade de incidencia política a través do traballo que a rapazada fixo durante todo o curso. Porén, hai quen sinala que este novo formato vai en detrimento da forza e enerxía derivada do espazo de festividade e cohesión dos centros no acto único, especialmente para o alumnado que vive nos lugares máis illados.

3.2.2. *Os instrumentos*

A eficacia é a relación que existe entre os obxectivos da intervención e os resultados esperados, considerando os beneficios acadados por mulleres, homes, nenas e nenos. É a relación entre os instrumentos e a melodía que queremos que soe.

Das conversas mantidas, parece que o alumnado realmente tomou conciencia da interconexión entre as realidades locais e as dinámicas globais. Se os obradoiros iniciais dan unha visión xeral do mundo (hai quen indica que traballando demasiados conceptos), a Visita do Sur resulta crucial para materializar esta interconexión. Equipo, profesorado e alumnado son unánimes ao sinalar que a través das testemuñas, relatos narrados en primeira persoa, realmente é como se empatiza coas outras realidades e es capaz de interiorizar as mensaxes, incluso aquelas que discrepan coa imaxe que tes fixa na cabeza. Neste diálogo é como transitamos dende “as outras” ata “o eu” e somos capaces de transformarnos nun “nosoutras”.



A Visita

Unha visita moi especial da República Dominicana! Desde onde viaxaron Rosaura e Marleni, dúas mulleres do Instituto de Acción Comunitaria que falaron da vida nos bateys, comunidades rurais empobrecidas compostas na súa maioría por persoas afrodescendentes, na súa maioría descendentes de inmigrantes haitianas.

Grazas a elas, o alumnado puido ver o mundo desde a súa perspectiva a través do relato das súas experiencias diarias, dificultades e éxitos no día a día. ACPD foi a ONG que se encargou de organizar a súa visita para O Mundo Que Queremos, como representantes dun proxecto nun país destinatario da cooperación galega.

O mellor desta charla foi o útil que resultou para amosar outras realidades e mecanismos de resposta ante as desigualdades. O peor, as complicacións para conseguir o visado que fixo que unha das compañeiras non chegase a tempo para as primeiras visitas aos centros.

Como propostas para mellorar esta actividade están: traballar con países que non precisen de visado, seleccionar e planificar a súa visita desde os inicios do proxecto e mellorar así a súa organización nos centros e, finalmente, idear unha recepción e despedida coas visitas como as boas anfitriñas que temos a responsabilidade de ser.

Tamén viron como moitos dos problemas que existen nos países empobrecidos se deben á interacción con países máis desenvolvidos ou mesmo a herdanzas de épocas coloniais, e como ademais, moitas dinámicas económicas que fan que haxa desigualdades en certos lugares do mundo son as mesmas que fan que haxa unha fenda económica na nosa contorna, entre persoas ricas e persoas pobres, ou entre o mundo rural e o mundo urbano.

Ademais, podemos dicir que o proxecto contribúe á descuberta da súa co-responsabilidade no exercicio da construción da xustiza social, un elemento que forma parte tamén do Obxectivo Específico. O alumnado de forma xeral identifícase como persoas capaces de loitar polos seus dereitos, esforzarse na defensa da igualdade de dereitos ou na defensa da natureza. Por outra banda, o equipo sinala como o novo formato do acto final afonda no exercicio desta responsabilidade. Mais, tal e como indica o profesorado, esta dimensión é a máis difícil de analizar pois, se ben no momento de levar a cabo o acto final o alumnado (ou máis ben, unha parte do alumnado) desenvolve ese papel, non o integran e asumen conscientemente no seu día a día ou, cando menos, é moi cedo para realizar tal valoración; así mesmo, sinálase que en determinados centros precisaron de moitas pautas externas para idear a proposta final. Se non se pode concluír que a asunción desa corresponsabilidade se realice na súa total plenitude, non é menos certo dicir que esta si que constitúe unha experiencia relevante no imaxinario daquel alumnado que participou activamente.

Do que se tira das entrevistas, a maioría das persoas considera o programa de OMQQ axeitado para a consecución dos seus obxectivos e no cal as actividades resultaron interesantes e pertinentes para a consecución dos resultados. Pero tamén hai unha percepción xeneralizada de que é demasiado denso e difícil de executar, sobre todo porque sobrecarga o traballo do profesorado. Isto pode traer consecuencias negativas, como que haxa docentes que desistan na súa implicación ou motivación. Tamén ao alumnado fáiselle unha carga de traballo moi grande especialmente cara finais de curso, momento no que o proxecto delega a responsabilidade de idear a acción final no alumnado e academicamente teñen que estar máis centrados, por coincidir coa época de exames finais.

3.2.3. O ritmo

Párate un segundo. escoita como soan as nosas esferas. Xa tes a melodía na cabeza?. É aquela que agardabas ouvir? Ou hai cambios nos matices?. Se sentes que o ritmo coincide coa túa previsión estamos a falar de eficiencia.

A partir das entrevistas, conclúese que todas as persoas senten que o proxecto pon a súa disposición todos os recursos necesarios para a realización das actividades, tanto a nivel material como de creación de espazos organizativos e de reflexión, malia que estes últimos sexan cada vez menos recorrentes. O número de reunións conxuntas de todo o equipo diminuíu para dar paso a outras máis específicas, nas que só se convocan a aquelas persoas que se vinculan coa área en cuestión (como poden ser reunións estratéxicas ou de coordinación pedagóxica dos centros), o que se traduce nunha mellor xestión destes espazos. Mais cabe sinalar que esta nova forma de organizarse vai en detrimento da transparencia cara ao interno do equipo. Que se quere dicir con isto? Faltan reunións nas que compartir as decisións tomadas, os cambios de rumbo e o estado da situación do proxecto de forma que todo o grupo teña claro como aconteceu o proxecto a nivel técnico e económico.

No emprego do orzamento, cada organización xestionou a súa propia parte dunha maneira totalmente autónoma mais baixo a coordinación e seguimento da persoa de referencia do equipo, quen centralizaba a información. O feito de non dispor do informe económico final durante a análise desta avaliación non permite responder se este control do gasto realizouse correctamente, mais hai persoas que sinalan a falta de unidade nos criterios de xustificación económica, pois cada entidade aplica os criterios que emprega na execución dos seus proxectos individuais.

Ideas para a afinación

Un logro do proxecto foi reducir o número de reunións grupais para resolver cuestións operativas, que se vinculan tamén coa madurez que está a vivir OMQQ. Mais é importante para a cohesión grupal e a transparencia manter espazos no que equipo para falar sobre como está a suceder o proxecto no plano técnico e económico e recoller propostas de cambio e/ou mellora. Neste sentido sería interesante fixar dende o inicio do proxecto tres reunións de equipo. Unha inicial, na que se explique o proxecto aprobado, coas novidades respecto o ano anterior, os cambios respecto ao orzamento solicitado para cada actividade concreta e unificar os mecanismos de seguimento e xustificación das actividades e do gasto. Un segundo momento, no que afondar nos centros e como se concreta o proxecto en cada un deles, compartir ideas, propostas e prever en conxunto como se desenvolverán os actos finais. Un final, no que avaliar internamente o desenvolvemento do equipo e do proxecto, analizar a execución do gasto e recoller propostas para a redacción da seguinte edición de OMQQ. Para o bo fluír destes encontros, na orde do día non se deberían incluír puntos a tratar de carácter operativo, pois a experiencia mostra que estas cuestións tenden a monopolizar os tempos, facendo que as cuestións urxentes despracen as importantes.

Na dimensión humana, tense constatado que o profesorado é chave para obter uns bos resultados; unha ollada á descrición dos centros demostra tal afirmación. Dende o consorcio pénsase que, se o persoal docente estivese máis presente naqueles centros no que o proxecto non fluíu con normalidade, o alumnado podería ter feito moito máis. Nestes casos, o alumnado, nomeadamente o alumnado conector, resultou chave para crear esa conexión entre o centro e OMQQ.

No relativo ao tempo, a execución das actividades foi axeitada, xa que non se sentiron demoras. Así a todo, a xestión do tempo foi o que complicou o traballo na maioría dos centros, porque a carga de responsabilidades das docentes entre os Proxecta e o traballo escolar, fixo que moitas das veces se visen desbordadas, tal e como expresan dende Carballo ou Laxe.

A figura das educadoras é crucial no apoio do profesorado. A pesar de ser elas quen deciden o reparto do número e localización de centros, a escolla sobrecargou a unha das educadoras que tivo de cubrir centros tan dispersos como a Pastoriza, Valadares, Silleda e Carballo. Este desequilibrio puido influír na relación final que se estableceu nestes centros, concretamente na desafección de Valadares, ao non poder ter unha presenza máis continua e reforzar o traballo do profesorado e do alumnado.

Desalento.

Substantivo masculino

Sentimos desalento, precisamente, cando nos falta o alento para seguir adiante; cando comezamos a notar cansazo e o que temos entre mans xa non parece tan fácil. Imaxina que estás nun bosque e queres regresar a casa. Emprendes un camiño e non é o axeitado. Regresas ao punto de partida. Buscas outra ruta. Tampouco é esa. Insistes. Equivócaste de novo. Ao carto intento, percibes que as túas forzas fallan, desanímaste. Iso é o desalento.

“Este ano foi moi difícil para min, realmente este ano costoume. Coas novas funcións eran moitos centros e non daba feito”

Como mecanismo de seguimento e avaliación continua, propuxéronse unhas fichas de valoración par acubrir unha vez finalizados os obradoiros (un modelo para o alumnado, outro para o profesorado presente e outra de observación para as monitoras). Aínda que todas as compoñentes do consorcio entenden eses documentos como necesarios, consideran que son demasiados extensos e complexos para cubrir no pouco tempo que teñen ao remataren cada obradoiro, sentindo que as completan de maneira irreflexiva e automática, perdendo así o seu valor informativo. Amais disto, o feito de seren tan longas esíxelles ás persoas facilitadoras moito tempo para realizar un rexistro sistematizado, algo que fixo que moitas persoas non as completasen.

Neste punto, faise preciso facer unha parada para recordar que estas constitúen un instrumento interno de valoración continua da marcha do proxecto, para coñecer se o desenvolvemento das actividades están a suceder segundo o previsto e alíñanse co

cumprimento dos obxectivos, polo tanto, ten que ser unha ferramenta útil para a coordinación do proxecto e o suficientemente efectivo para extraer información no curto prazo.

Ideas para a afinación

Proponse desde varias voces, revisar novamente as fichas de valoración para simplificalas de cara ás edicións vindeiras e mesmo pensar na pertinencia de realizalo unicamente cunha mostra do alumnado.

Finalmente, o equipo cuestiónase sobre a necesidade de introducir cambios no propio consorcio. Compre recordar que este naceu con carácter aberto, é dicir, coa posibilidade de incorporar novas voces ano a ano, mais nunca se traballou de forma proactiva para facelo efectivo. Un motivo pode ser que, se ben nomean que pode ser interesante realmente nunca o sentiron como unha necesidade, mais, ao cuestionar directamente sobre a formación do consorcio as respostas flúen dende o interno ao externo. Internamente, hai que di que cada entidade debería cuestionarse a súa propia presenza e reflexionar se realmente quere estar e en que termos; a nivel externo, pode ser interesante promover a entrada de novas entidades para reforzar ao equipo, concretamente na área pedagóxica, ou mesmo para impulsar novas actividades.

Ideas para a afinación

Unha ollada á localización do consorcio mostra que este repártese entre as cidades de A Coruña e Santiago de Compostela. Quizás sería interesante potenciar a entrada de novas entidades situadas noutras áreas e que reforcen o traballo no interior de Galicia, facilitando así o acceso e presenza noutras localizacións e contribúan a dar a coñecer OMQQ na súa rede de centros de ensinanza.

3.2.4. O tempo

A pegada que OMQQ deixou nas diferentes actrices e actores foi revelador dunha realidade global; é dicir, parece que serviu para achegar as realidades doutros países ás comunidades das escolas nas que se executou OMQQ, identificando problemas comúns como o acceso ao transporte para a escola, que pode ser un problema habitual tanto no rural galego como para nas áreas rurais doutros lugares como a República Dominicana.

Pero o impacto do proxecto non quedou só na capacidade para facer consciente de que ás veces, as distancias son só xeográficas. Serviu dunha maneira máis transformadora para que as propias alumnas e alumnos se empoderasen e tomasen a iniciativa pouco a pouco nos seus proxectos, sentíndose capaces de facer programas de radio ou exposicións fotográficas moi significativas, facendo que acabasen por se crer ese rol de seren capaces de realizar accións de reivindicación ou denuncia coas que influír politicamente. Por tanto, pódese afirmar que o alumnado chega a se sentir axente de cambio por causa do proxecto.

O impacto conséntase sobre todo, e tal e como xa se viu, no acto final, sensibilizando á veciñanza sobre os temas traballados durante o curso e mesmo xerando un espazo de reivindicación, como aconteceu en Pastoriza ou Silleda. Se ao construír un proxecto idéanse uns resultados como consecuencia das accións, cabe pensar que hai outros que escapan ás previsións mais que son significativos de analizar. Este é o caso do alcance dos impactos destes actos, pois en Pastoriza obtívose o compromiso verbal do alcalde para tratar de conseguir as bolsas de transporte para os alumnado do ensino de bacharelato e formación profesional.

Porén, o compromiso dos alumnos e alumnas por se implicaren en actividades de transformación e incidencia social unha vez acabado o proxecto non queda claro nesta edición ao non identificarse propostas ou vontades concretas.

3.2.5. A métrica

Para que os efectos do proxecto se manteñan ao longo do tempo cómpre que se dean certas condicións.

Un dos factores que determinan a devandita sustentabilidade é que as diferentes persoas sintan que son parte activa do proxecto e que os seus obxectivos acadáronse grazas á súa participación. Neste sentido, a acollida do proxecto polo alumnado e polo profesorado foi boa desde o principio; aínda que é verdade que o nivel de implicación do alumnado nalgún centro resultou baixo ao principio, se cadra por timidez, mais despois fóronse apropiando de forma clara. Hai que ter en conta que este é un dos obxectivos do proxecto e no que hai que por moito tino e atención, apoiar para que as propias persoas participantes se convertan en protagonistas e motores de cambio, exercendo a súa co-responsabilidade na construción da xustiza social. Co decorrer do proxecto alumnas e alumnos séntense máis capaces, sendo conscientes de que é a súa participación a que leva ao éxito do proxecto.

Outro factor que contribúe á continuidade dos proxectos é a creación de sinerxías con outras institucións, organizacións ou actores nos eidos e comunidades relacionados co móbil do proxecto. As sinerxías foron creadas polo menos para a realización e participación nos actos finais con bibliotecas, medios de comunicación xornalísticos, asociacións veciñais, plataformas de denuncia como a de Salvemos Catasós, apoio de fotógrafos externos, como aconteceu no caso do instituto de Carballo, a visita á radio CUAC FM feita polo centro de Cambre e mesmo con autoridades municipais. Porén, non hai constancia de se estableceren vínculos formais alén do proxecto que dean continuidade a accións e colaboracións conxuntas para edicións próximas ou para actividades relacionadas que poidan realizar os centros no futuro.

3.2.6. O concerto

Ao longo do documento falouse do empoderamento como un dos obxectivos do proxecto para que o alumnado asuma a co-responsabilidade desde nivel local para seren motores de cambio globais. O empoderamento é un proceso no que se aumenta a confianza nas propias capacidades, fortalécese ao individuo ou á comunidade na confianza dos seus recursos e

accións, sobre todo en áreas como a política, a sociedade e a economía, para seren actores que impulsan cambios benéficos.

Alén das conclusións que xa se expuxeron sobre a consecución do obxectivo e a co-responsabilidade, en toda esta danza de esferas e música, hai que salientar o traballo feito polo o alumnado conector, que foi a mostra máis representativa deste empoderamento e mesmo decisivo para o devir da proposta, así é que en Cambre, desde o profesorado ata as compoñentes do consorcio refírense como o elemento chave para seu funcionamento.

Por outra banda, as compoñentes do consorcio coincidiron na opinión de que esta figura ten un grande potencial porque resultou ser un rol moi motivador para os alumnos e alumnas.

Unha análise da relación entre a participación e a localización mostra unha correlación entre unha lenta conexión co proxecto e o illamento do lugar con respecto a outras vilas ou cidades; do que se extrae como aprendizaxe que o único que fai falla nalgúns casos é tempo, deixar que o proxecto apousente nun centro e que flúa con normalidade. Un fenómeno moi interesante foi ver que rapaces e rapazas que academicamente non responden ben, no proxecto pola contra, si que o fixeron. Será a maneira de traballar máis participativa unida a un tipo de ensino menos academicista pero clave para o desenvolvemento persoal? Quen sabe, pero o certo é que aínda que anecdótica son das vivencias que deixan pegada no equipo.

Esta análise conclúe cunha limitación, pois unha cuestión moi importante a estudar é a participación e o empoderamento específico das mulleres, mais no marco desta avaliación non existen datos que amosen como aconteceu. O que si que conseguir o proxecto foi visibilizar problemas das mulleres noutros países, e que o alumnado conectou co seu día a día; nalgúns centros o alumnado salientou que descubriran que as mulleres tiñan máis dificultades diariamente en relación aos homes, en tarefas como conseguir traballo.

Ideas para a afinación

Na información diagnóstica recóllese que na maioría dos centros existen conflitos de xénero e xa nos estudos sobre o machismo en España visibilízase un retroceso nas actitudes de xénero nas xeracións máis novas. Sendo as desigualdades de xénero un elemento esencial a traballar nestas idades, unha das funcións asociadas ao rol de conectora pode ser a de facer un rexistro ou análise da participación.

4. Notas para novas partituras

Agora que danzamos coas nosas esferas por este pentagrama solar, o noso baile está a piques de acabar, e coas luces que iluminan detalles aleatorios, concluímos...

Ao longo do tempo, de todos estes anos, a intervención foi conformándose de xeito que a cada vez ía moldeándose máis, madurando e mellorando para obter os mellores resultados. Iso nótase na experiencia que o equipo está a demostrar que fai que cada vez teñen máis claro cales son os obxectivos, como acadalos e que mellorar. Como consecuencia, fóronse adaptando cousas que optimizaban a intervención a cada ano. Ademais, o entusiasmo e a

cohesión do equipo conflúen para traballaren cun compromiso que garante un bo desempeño na execución de OMQQ.

Outra razón do éxito da execución do proxecto é que se desenvolve ao longo de todo o curso escolar, fronte a outras intervencións que se fan nos centros e acostuman a ser puntuais (un obradoiro, unha charla). OMQQ ten unha continuidade dende o principio até o fin do curso o que fai que se consolide e dea consciencia de que é unha actividade a ter presente.

Polo que tiramos das entrevistas, a maioría das persoas participantes, tanto profesorado coma alumnado, considera o programa de OMQQ axeitado para a consecución dos seus obxectivos e no cal as actividades ademais foron interesantes. Pero tamén hai unha percepción xeneralizada de que é denso e difícil de executar, sobre todo porque sobrecarga o traballo. Resulta crucial para fomentar o apego no proxecto unha planificación clara, completa e coherente cos ritmos de cada centro, que posibilibite unha participación consciente e motivada así como que permita a boa conexión das diferentes actividades e discursos.

Hai que ser conscientes do peso que o proxecto ten na vida dun centro e a necesidade de participación dun profesorado motivado e disposto a asumilo de forma responsable á hora de decidir se un centro implícase coa totalidade do alumnado ou non. Ano a ano vólvese sobre esta pregunta, se é posible facer de OMQQ un proxecto de centro, e ano a ano a resposta baséase segundo como lle foi nos centros. O certo é que non hai unha fórmula que nos diga como resultará e o reto resulta moi motivador. Mais suxírese prudencia e compromiso por parte do equipo, se nas futuras edicións aparece a oportunidade e hai vontade por asumir o reto, téñense que reforzar os mecanismos, ser moi constante e estar atentas ás posibles sinais que indiquen se o proxecto avanza ou non.

Ao inicio do proxecto tanto profesorado como alumnado realiza unha análise das problemáticas que se viven no día a día en cada centro e vila, mais de forma recorrente escóllense como temáticas xerais, como poden ser "desigualdades" ou "medio ambiente", para traballar nos obradoiros. Se para a escolla da temática tentamos traer con máis consciencia as súas problemáticas particulares pode ser que posteriormente reverta nunha maior claridade e conexión á hora de propor e idear o acto final e, así mesmo, incidir máis nese empoderamento persoal que se fortalece ao ser suxeito de cambios concretos na túa contorna e, por que non, en ti mesma.

Ideas para a afinación

Algunhas voces no consorcio propoñen que a temática non a escollan as alumnas e alumnos senón que se propoña directamente polas persoas facilitadoras ou mesmo que xa veñan definidas polo proxecto.

En canto ao encontro inicial, esta actividade é moi valorada polo profesorado porque serviu para facerlles ver a forza do proxecto, no que perciben que a intervención que ían realizar non ía ficar illada na súa escola, senón que sería parte dunha construción máis ampla. Axudou tamén a facilitarlles a enfocar a execución das diferentes actividades vendo a idea de como ían executar outras escolas. E entender cal é o seu papel e a interacción que se daría entre o profesorado, o alumnado e o consorcio. As integrantes do consorcio salientaron que foi moi

útil este primeiro encontro para descubrir a futura implicación do profesorado dos diferentes centros, podendo así adiantar a cales centros habería que seguir máis de preto e a cales se lles ía poder dar maior autonomía. Porén, a cantidade de obxectivos que aspira cubrir fai que sexa moi denso e cun ritmo acelerado. Suxírese centrar máis o espazo e buscar novas formas de complementar a información. Tamén pode ser interesante, aproveitando a sinerxía que se crea entre o profesorado, habilitar un espazo de comunicación colectivo no que expor dúbidas, propor ideas e coñecer como se desenvolve o proxecto nos outros centros.

Sobre o acto final, tráese unha proposta en forma de pregunta. Tendo en conta o potencial transformador que reside en cada un dos formatos ata agora empregados (un acto final único no que participan todos os centros e un acto final de cada centro na súa vila de orixe), parece que hai cabida a lanzar a seguinte cuestión: é factible (en termos non só económicos, senón de cargas de traballo e tempos que manexan os centros) intentar combinar os dous formatos?

Usouse de maneira efectiva a web e as redes sociais do proxecto e hai que recoñecer que o peso dado ao Instagram estivo ben visto debido ao grande alcance que ten para a xente nova. De feito é a rede que máis utilizan. Se cadra, o uso dos medios de comunicación tradicional foi un pouco máis escaso, resultando interesantes como medio para reforzar a presenza do proxecto na contorna, alén do público máis xoven.

Ideas para a afinación

Intentar xa nos contactos iniciais cos centros pódese centralizar unha base de datos cos contactos que cada un ten dos medios de comunicación, entidades, asociacións e posibles persoas aliadas, para maximizar o contacto e amplificar a cobertura da intervención nas vilas propias e veciñas.

Unha das últimas actividades realizadas foi a formación interna do equipo. Esta actividade, máis que formación, foi un proceso de fortalecemento de grupo e debate arredor de aspectos esenciais da filosofía do proxecto. Se ben para a presente edición tería sido máis útil realizar o encontro ao inicio do proxecto, priorizouse a dispoñibilidade do equipo dinamizador (que leva sendo parte do consorcio e coñece as súas idiosincracias). Os coidados e o entendemento sobre a situación organizacional e incertezas vividas durante o presente curso estendéronse xa dende o inicio durante a redacción do propio diagnóstico, pois a súa versión definitiva presentou un retraso significativo.

Un dos puntos traballados durante este proceso é a definición de áreas, funcións e responsabilidades de traballo. Novamente, o equipo sentiu a necesidade de explicitar e concretar o alcance e límite dos seus roles. Despois de terse facilitado ao longo dos anos diferentes espazos para reflexionar sobre os mesmos e á vista de que todas as persoas do consorcio afirman que o seu rol está ben definido, só queda concluír que o seguinte paso natural é que cada entidade e cada persoa ten a responsabilidade de exercer as súas funcións vinculadas ao seu rol de forma responsable.



Se non podo bailar a túa revolución non me interesa – Emma Goldam